



**4.3.- CONTRATACIÓN. PERSOAL.**

A Xunta de Goberno Local, tendo apreciado un erro nas bases aprobadas para a creación dunha bolsa de emprego para o posto de traballo de auxiliar do Punto de Atención á Infancia-PAI e nas bases aprobadas para a contratación temporal de un coordinador do PAI, proceder ás súa corrección e **aprobar** a nova redacción das mesmas como segue:

**BASES DE CONVOCATORIA CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO-AUXILIAR DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA.**

1. Obxecto da convocatoria.

É obxecto da presente convocatoria a creación dunha bolsa de emprego para posteriores contratacións temporais (por vacante do/a titular) como auxiliar do punto de atención á infancia (PAI).

O sistema de selección será o concurso de valoración de méritos.

2. Número de postos de traballo.

Un (1).

3. Tipo do contrato.

Interinidade, a xornada completa (40 horas semanais)

4. Requisitos.

Xerais.

Os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos á data na que remate o prazo de presentación de solicitudes:

a) Ser cidadáns españois ou de calquera dos estados membros da Unión Europea, ou daqueles outros países aos que, en virtude de tratados internacionais



## **CONCELLO DE OUTES (A Coruña)**

---

convidos coa citada Unión e ratificados por España ou por virtude de tratado internacional, se lles aplique a libre circulación de traballadores.

b) Ser maiores de idade.

c) Non sufrir enfermidade ou eiva física que lles impida ou atranque o desenvolvemento das tarefas propias do posto de traballo.

d) Que non foran arredados do servizo a ningunha Administración pública por mor de expediente disciplinario nin estean inhabilitados para o exercicio de funcións públicas.

f) Non ter sido condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual (artigo 13, apartado 5 da lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia).

### Específicos.

a) Acreditar o coñecemento, oral e escrito, da lingua galega (CELGA 4 ou equivalente).

b) Titulación:

- 1) Técnico superior en educación infantil;
- 2) Técnico superior en xardín de infancia;
- 3) Técnico en atención sociosanitaria;
- 4) Técnico superior en animación sociocultural;
- 5) Técnico en coidados auxiliares de enfermería;
- 6) Diplomado en puericultura recoñecido pola Consellería de Sanidade;
- 7) Outras recoñecidas como apropiadas polo órgano competente na autorización do centro.



## **CONCELLO DE OUTES (A Coruña)**

---

### 5. Solicitudes.

As persoas interesadas deberán dirixir as súas solicitudes á Alcaldía do Concello consonte o modelo que está ao seu dispor nas oficinas municipais e que figura como anexo a estas bases, ás que achegarán copia fidedigna do DNI e da documentación xustificativa dos méritos que aleguen, a non ser que xa estiver en poder do Concello, circunstancia que deberán indicar expresamente.

### 6. Prazo e lugar de presentación.

O prazo de presentación de solicitudes será de **cinco (5) días hábiles**, contados desde a data seguinte á publicación das bases na **páxina web** corporativa e no taboleiro de edictos da Corporación.

As solicitudes presentaranse en calquera das formas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015, de 2 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

### 7. Admisión.

A Alcaldía aprobará as listas provisorias de candidatos admitidos e non admitidos, que se publicará na páxina dixital e no taboleiro de edictos da Corporación, dando un prazo de dous (2) días hábiles para a súa subsanación.

### 8. Méritos do concurso.

a) Outros títulos académicos de igual ou superior rango ós requiridos e que teñan relación coas funcións do posto de traballo: 0,50 puntos. Máximo: 3,00 puntos.

b) Cursos, xornadas e seminarios de **formación** referentes ao posto de traballo que se convoca ou relacionados con el: ata 0,10 por curso e ata un máximo global neste apartado de 2,00 puntos.



## **CONCELLO DE OUTES (A Coruña)**

---

b) Experiencia profesional: por cada mes de servizos propios do posto de traballo:

- no Concello de Outes, 0,25;
- noutras Administracións públicas, 0,20;
- no sector privado, 0,20.

A puntuación máxima por este apartado é de 5,00 puntos.

c) Entrevista curricular coa finalidade de avaliar a adecuación do candidato ao posto de traballo e o seu coñecemento do medio: ata un máximo de 2,00 puntos. Se o número de aspirantes non supera o de prazas ou á vista da cualificación dos outros méritos non se fose alterar a orde da lista de candidatos propostos, o tribunal poderá prescindir da entrevista ou non convocar a ela aos aspirantes que, por mor da súa puntuación no resto dos méritos, non tivesen a posibilidade de acadar os cinco primeiros postos da lista correspondente.

### **9. Bolsa de emprego.**

O tribunal clasificará os candidatos pola orde resultante da puntuación global que obteñan. Constitúese así unha bolsa de emprego para cubrir posibles vacantes ou para atender necesidades imprevistas, que estará vixente ata a creación dunha nova bolsa de análogas características.

A bolsa de emprego suxeitarase ás seguintes regras:

- 1) O/A aspirante disporá dun prazo máximo de cinco días hábiles desde o chamamento a través de medios electrónicos para presentar a correspondente documentación acreditativa:



## CONCELLO DE OUTES (A Coruña)

1. certificado médico de non padecerem enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento das tarefas correspondentes,
2. certificación negativa do Rexistro Central de delinquentes sexuais,
3. declaración xurada de que non foron separados mediante expediente disciplinario do servizo ás Administracións públicas nin atoparse inhabilitados para o exercicio de funcións públicas

No suposto de non presentación, entenderase que rexeita a oferta e situarase ó final da bolsa. Se o rexeitamento tivese lugar por dúas veces consecutivas, será excluído da bolsa.

Igualmente, disporá do prazo de **un mes** para achegar a seguinte documentación:

1. Acreditación de dispoñer de coñecementos básicos en primeiros auxilios;
2. Carné de manipulador de alimentos.

De non achegalo, entenderase que perde os seus dereitos fronte á Corporación contratante, quedando rescindida a relación laboral e pasándose ó seguinte candidato na bolsa.

- 2) Naqueles supostos nos que se rexeite a oferta alegando incapacidade laboral transitoria, maternidade ou paternidade, manterase a orde da bolsa. A concorrencia das anteriores circunstancias deberá quedar suficientemente acreditada mediante calquera medio admisible en Dereito.
- 3) Quen, no seu caso, resulte contratado, volverá a ocupar o mesmo lugar na bolsa de emprego unha vez remate o contrato.



## **CONCELLO DE OUTES (A Coruña)**

---

A bolsa resultante **publicarase** na páxina dixital e no taboleiro de edictos do Concello.

### 10. Tribunal calificador.

- Secretario/a da Corporación, ou quen legalmente o substitúa.- Presidente
- Técnico/a de información xuvenil, ou quen legalmente o substitúa. Vocal
- Traballador/a Social, ou quen legalmente o substitúa.- Secretario.

Os anteditos membros terán dereito as indemnizacións por asistencias consonte os artigos 29 e seguintes do R. D. 462/2002, do 24 de maio. Para estes efectos o tribunal inclúese na categoría 2ª do artigo 20 da antedita norma.

### 11. Remuneración e formalización do contrato.

A retribución anual ascende a un total de 14.970,48 euros brutos e os contratos formalizaranse por escrito consonte o artigo 6 do Rd 2720/1998, do 18 de decembro.

### 12. Normativa reguladora.

A convocatoria réxese polas presentes bases e as normas reguladoras do persoal ao servizo das Administracións públicas. O contido da relación laboral réxese polo Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro e polo Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, e as súas disposicións complementarias.



## **CONCELLO DE OUTES (A Coruña)**

### 13.- Publicidade da convocatoria.

Esta convocatoria publicarase na páxina web e nun xornal de mais tirada na comarca.

**Como consecuencia da adopción deste novo acordo, darase ós posibles interesados un novo prazo de 5 días hábiles para a presentación/subsanación das súas solicitudes.**

### **BASES DE CONVOCATORIA CONTRATACIÓN TEMPORAL DE COORDINADOR DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA.**

#### 1. Obxecto da convocatoria.

Selección por medio de concurso do posto de traballo de **coordinador** do punto de atención á infancia (PAI).

#### 2. Número de postos de traballo.

Un (1).

#### 3. Tipo do contrato.

Contrato laboral de interinidade por substitución, a xornada completa (40 horas semanais)

#### 4. Requisitos.

##### Xerais

Os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos á data na que remate o prazo de presentación de solicitudes:



## **CONCELLO DE OUTES (A Coruña)**

---

a) Ser cidadáns españois ou de calquera dos estados membros da Unión Europea, ou daqueles outros países aos que, en virtude de tratados internacionais convidos coa citada Unión e ratificados por España ou por virtude de tratado internacional, se lles aplique a libre circulación de traballadores.

b) Ser maiores de idade.

c) Non sufrir enfermidade ou eiva física que lles impida ou atranque o desenvolvemento das tarefas propias do posto de traballo.

d) Que non foran arredados do servizo a ningunha Administración pública por mor de expediente disciplinario nin estean inhabilitados para o exercicio de funcións públicas.

f) Non ter sido condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual (artigo 13, apartado 5 da lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia).

### Específicos.

a) Acreditar o coñecemento, oral e escrito, da lingua galega (CELGA 4 ou equivalente).

b) Titulación:

- 1) Licenciado/Diplomado en maxisterio Educación Infantil/Primaria;
- 2) Licenciado/Diplomado en pedagogía/psicopedagogía.
- 3) Técnico Superior en educación infantil.

### 5. Solicitudes.

As persoas interesadas deberán dirixir as súas solicitudes á Alcaldía do Concello consonte o modelo que está ao seu dispor nas oficinas municipais e que figura como anexo a estas bases, ás que achegarán copia fidedigna do DNI e da





## **CONCELLO DE OUTES (A Coruña)**

---

documentación xustificativa dos méritos que aleguen, a non ser que xa estiveran en poder do Concello, circunstancia que deberán indicar expresamente.

### **6. Prazo e lugar de presentación.**

O prazo de presentación de solicitudes será de **cinco (5) días hábiles**, contados desde a data seguinte á publicación das bases na **páxina web** corporativa e no taboleiro de edictos da Corporación.

As solicitudes presentaranse en calquera das formas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015, de 2 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

### **7. Admisión.**

A Alcaldía aprobará as listas provisorias de candidatos admitidos e non admitidos, que se publicará na páxina dixital e no taboleiro de edictos da Corporación, dando un prazo de dous (2) días hábiles para a súa subsanación.

### **8. Méritos do concurso:**

a) Outros títulos académicos de igual ou superior rango ós requiridos e que teñan relación coas funcións do posto de traballo: 0,50 puntos, ata un máximo de 3,00.

b) Cursos, xornadas e seminarios de **formación** referentes ao posto de traballo que se convoca ou relacionados con el: ata 0,10 por curso e ata un máximo global neste apartado de 2,00 puntos.

b) Experiencia profesional: por cada mes de servizos propios do posto de traballo:

- no Concello de Outes, 0,25;



## CONCELLO DE OUTES (A Coruña)

- noutras Administracións públicas, 0,20;
- no sector privado, 0,20.

A puntuación máxima por este apartado é de 5,00 puntos.

c) Entrevista curricular coa finalidade de avaliar a adecuación do candidato ao posto de traballo e o seu coñecemento do medio: ata un máximo de 2,00 puntos. Se o número de aspirantes non supera o de prazas ou á vista da cualificación dos outros méritos non se fose alterar a orde da lista de candidatos propostos, o tribunal poderá prescindir da entrevista ou non convocar a ela aos aspirantes que, por mor da súa puntuación no resto dos méritos, non tivesen a posibilidade de acadar os cinco primeiros postos da lista correspondente.

### 9. Proposta de nomeamento e lista de candidatos.

O tribunal clasificará os candidatos pola orde resultante da puntuación global que obteñan e propondrá a contratación do primeiro deles. Cos seguintes candidatos constitúese unha bolsa de traballo para cubrir posibles vacantes ou para atender necesidades imprevistas, que estará vixente ata a creación dunha nova bolsa de análogas características. A proposición do tribunal e a lista de candidatos publicarase na páxina dixital e no taboleiro de edictos do Concello.

A bolsa resultante, suxeitarase ás seguintes regras:

1) O/A aspirante disporá dun prazo máximo de cinco días hábiles desde o chamamento a través de medios electrónicos para presentar a correspondente documentación acreditativa:

1. certificado médico de non padecerem enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento das tarefas correspondentes,

2. certificación negativa do Rexistro Central de delinquentes sexuais,



## CONCELLO DE OUTES (A Coruña)

3. declaración xurada de que non foron separados mediante expediente disciplinario do servizo ás Administracións públicas nin atoparse inhabilitados para o exercicio de funcións públicas

No suposto de non presentación, entenderase que rexeita a oferta e situarase ó final da bolsa. Se o rexeitamento tivese lugar por dúas veces consecutivas, será excluído da bolsa.

Igualmente, disporá do prazo de **un mes** para achegar a seguinte documentación:

1. Acreditación de dispoñer de coñecementos básicos en primeiros auxilios;
2. Carné de manipulador de alimentos.

De non achegalo, entenderase que perde os seus dereitos fronte á Corporación contratante, quedando rescindida a relación laboral e pasándose ó seguinte candidato na bolsa.

- 2) Naqueles supostos nos que se rexeite a oferta alegando incapacidade laboral transitoria, maternidade ou paternidade, manterase a orde da bolsa. A concorrencia das anteriores circunstancias deberá quedar suficientemente acreditada mediante calquera medio admisible en Dereito.
- 3) Quen, no seu caso, resulte contratado, volverá a ocupar o mesmo lugar na bolsa de emprego unha vez remate o contrato.

A bolsa resultante **publicarase** na páxina dixital e no taboleiro de edictos do Concello.



## CONCELLO DE OUTES (A Coruña)

### 10. Tribunal calificador.

- Secretario/a da Corporación, ou quen legalmente o substitúa.- Presidente
- Técnico/a de información xuvenil, ou quen legalmente o substitúa. Vocal
- Traballador/a Social, ou quen legalmente o substitúa.- Secretario.

Os anteditos membros terán dereito as indemnizacións por asistencias consonte os artigos 29 e seguintes do R. D. 462/2002, do 24 de maio. Para estes efectos o tribunal inclúese na categoría 2ª do artigo 20 da antedita norma.

### 11. Remuneración e formalización do contrato.

A retribución anual ascende a un total de 15.784,44 euros brutos e os contratos formalizaranse por escrito consonte o artigo 6 do Rd 2720/1998, do 18 de decembro.

### 12. Normativa reguladora.

A convocatoria réxese polas presentes bases as normas reguladoras do persoal ao servizo das Administracións públicas. O contido da relación laboral réxese polo Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro e polo Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, e as súas disposicións complementarias.

### 13.- Publicidade da convocatoria.

Esta convocatoria publicarase na páxina web, no taboleiro de edictos e nun xornal de mais tirada na comarca.

**Como consecuencia da adopción deste novo acordo, darase ós posibles interesados un novo prazo de 5 días hábiles para a presentación/subsanación das súas solicitudes.**